




A BUXAINA

PLAN DE NATACIÓN ESCOLAR





ESTE FOI O NOSO PRIMEIRO ANO NO MASDÍAS. TAMÉN FOI O ANO NO QUE NOS COÑECEMOS E, POUCO A POUCO, FOMOS APRENDENDO A XOGAR XUNTOS/AS... PORQUE CLARO, XA SABEDES QUE SOMOS OS MÁIS PEQUENOS, ASÍ QUE, SOBRE TODO, VIÑEMOS A XOGAR!



COMO NOS GUSTAN OS RECUNCHOS!!



E RESULTA QUE XOGANDO TAMÉN APRENDEMOS...





DE PINTURA

TAMÉN FIXEMOS VARIOS OBRADOIROS AO LONGO DO ANO:



DE COCIÑA



DE MODELADO





ADEMAIS FIXEMOS DOUS PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN:



NO PRIMEIRO TRIMESTRE SOBRE O OUTONO

NO SEGUNDO E NO TERCEIRO INVESTIGAMOS OS PEIXES DA NOSA PEIXEIRA E ALGÚN MÁIS...





E MOITAS COUSAS MÁIS...



FOMOS DE EXCURSIÓN EN BUS,
PLANTAMOS FLORES,
TRABALLAMOS, FIXEMOS PICNIC,
RECIBIMOS VISITAS DAS FAMILIAS,
TIVEMOS PADRIÑOS E MADRIÑAS
LECTORES,... E FÓMONOS
FACENDO AMIGOS!





A CLASE DE 5º DE INFANTIL NO CURSO 2014-2015

NESTE CURSO TRABALLAMOS A EXPRESIÓN E CONTROL DE EMOCIÓNS (MEDO, ENFADO ...).

NO PRIMEIRO TRIMESTRE APRENDEMOS :QUE É O MEDO, QUE FACEMOS E DICIMOS CANDO TEMOS MEDO, QUE FACER EN SITUACIÓNS QUE NOS DAN MEDO, A QUE COUSAS OU PERSONAXES TEMOS MEDO (BRUXAS, MONSTROS, VAMPIROS, PANTASMAS).

DISFRAZADOS
CELEBRAMOS UNHA FESTA



E FIXEMOS ESQUELETES



RECIBIMOS A VISITA
DE DON ESQUELETE



A CASTAÑA VAMPIRO



ACTIVIDADE DE COEDUCACIÓN

DEGUSTACIÓN FROITAS OUTONO



EN DECEMBRO XA CHEGABA O NADAL, ASÍ QUE ,TRABALLAMOS A ESCRITURA, LECTURA E LÓXICA-MATEMÁTICA CO "HOMIÑO DE MAZAPÁN" . TAMÉN FIXEMOS UNS HOMIÑOS DE MAZAPÁN RIQUÍSIMOS NA COCIÑA DO COLEXIO.





NO SEGUNDO TRIMESTRE VAMOS Á “CASA DOS PEIXES”




APRENDEMOS MOITAS COUSAS AÍNDA QUE TAMÉN XURDIRON MOITAS DUBIDAS.

DECIDIMOS INVESTIGAR E TRABALLAR NUN PROXECTO: “OS PEIXES”



RECOLLER INFORMACIÓN :



PARTICIPAMOS NO COIDADO DO ACUARIO:



XOGAMOS A PESCAR





DESCUBRIMOS QUE O IMÁN ATRAE METAL E FACEMOS EXPERIMENTOS :

	MAGNETICO	NON MAGNETICO
REGLA		X
GOMITA		X
TESOURA	X	X
CORDON	X	+
CLIP	L	
IMPERDIBLE	X	
PINZA	X	X
PEZA PLASTICO		X
LAPIS		+
CARTON		+

OUTRAS COUSAS QUE QUEREMOS

EXPERIMENTAR:

- ⚡ ATRAE TODO TIPO DE METAIS O SOAMENTE FERRO ?
- ⚡ A FORZA DO IMÁN ATRAVESA PAPEL, AUGA...
- ⚡ POR QUE A AUGA E O ACEITE NON SE MESTURAN ?
- ⚡ QUE COUSAS FLOTAN ?
- ⚡ QUE COUSAS SE AFUNDEN ?

E MOITAS ACTIVIDADES MAIS :





TAMÉN, AO LONGO DO CURSO ...
ELABORAMOS OS DISFRACES :




ACTIVIDADES COS VOLUNTARIOS DA ESCOLA DE IDIOMAS:



ACTIVIDADES COS GRUPOS INTERACTIVOS (LÓXICA-MATEMÁTICA)




ESTOS SOMOS NOS, A CLASE DE 5 ANOS



ESTA FOI A NOSA MASCOTA Ó LONGO DO CURSO, PUXÉMOSLLE ENTRE TODOS/AS UN NOME, CLOQUI, E VIAXOU POLAS NOSAS CASAS.

CLOQUI NOS DEU PÉ A INICIAR UN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN SOBRE AS RAS, DO 1º TRIMESTRE





NO CAL APRENDIMOS MOITAS CURIOSIDADES SOBRE ESTES ANIMAIS,



NAS ASAMBLEAS PRESENTABAMOS E ORGANIZABAMOS A INFORMACIÓN QUE ATOPABAMOS NA CASA, NA BIBLIO...

ELABORAMOS O NOSO PROPIO RECUNCHO DE RAS



Ó TEMPO QUE CONFECCIONAMOS O NOSO PROPIO DOSSIER SOBRE RAS



**ADEMAIS DE INVESTIGAR TAMÉN
CONSTRUÍMOS UN NOVO RECUNCHO PARA A
NOSA AULA COA AXUDA DAS FAMILIAS
APORTANDO PRODUCTOS DE REFUGALLO, DE
NOME:**

A TENDA AMIGA

- ✚ SELECCIONAMOS OS PRODUCTOS
- ✚ FIXEMOS AS ETIQUETAS COS NOMES
- ✚ BUSCAMOS OS PREZOS NOS CATÁLOGOS
- ✚ O TENDEIRO/A E O SEU AXUDANTE ELABORAN OS PEDIDOS E SUMAN AS CANTIDADES





E NO 2º TRIMESTRE CHEGARON POR SORPRESA OS PEIXES!!!





O ACUARIO DO COLE NOS SERVIU PARA CONVERTERNOS EN VERDADEIROS CIENTÍFICOS/AS, INCLUSO QUÍMICOS/AS...

EXPERIMENTAMOS E INVESTIGAMOS



E DISFRUTAMOS COS SEUS COIDADOS





Este curso os nenos e nenas de 1º fixemos moitas cousas que nos axudaron a pensar, coñecernos mellor e medrar.

Cada día comezabamos cunha asemblea onde falabamos do tempo, das novidades e das tarefas que nos agardaban.



Tamén fomos ao teatro e a ver as estrelas e os planetas ao Bertón, pola noite.





Aprendimos moitas cousas sobre os xirasois, Van Ghog, os vermes de seda, os planetas, o noso número do zapato...



Neste curso, Dinucha, Suso, Cholo, Sonia, María, Paula e Mary, axudáronos nos grupos interactivos e con actividades de Inglés





Gústanos participar nas votacións, estar de responsable na asemblea, as Matemáticas, os xogos da clase, facer mosaicos, o recreo, ler, Educación Física, debuxar e Inglés.



Pero tamén nos gusta ao saír da escola xogar nos parques a polis e cacos, ás agachadas... E nos gusta entrenar a fútbol, xogar coas consolas e ver a tele. O curso que ven imos para 2º!



Convertémonos en devoradores e devoradoras de libros... e mesmo chegamos a ser campións e campioas de lectura.

Proyecto Lector 1º curso / CEIP Manuel Masdías Titulo:Lupe Cis

Nº	DATA	TITULO	PUNTOS
1			
2			
3			

Proyecto Lector 1º curso / CEIP Manuel Masdías

TITULO

IAGO MERGULLAN LIBRO

Titulo:Lupe Cis

Proyecto Lector 1º curso / CEIP Manuel Masdías

PRIMEIRAS LECTORAS

ESMERALDA

Nº	DATA	TITULO

Proyecto Lector 1º curso / CEIP Manuel Masdías Titulo:Lupe Cis

CAMPIÓN DE LECTURA

Nº	DATA	TITULO	PUNTOS
1			

Proyecto Lector 1º curso / CEIP Manuel Masdías Titulo:Lupe Cis

OFELIA, DEVORADORA DE LIBROS

Nº	DATA	TITULO	PUNTOS
1			

Sempre imos de visita á clase de 2º, para preguntar algo, ou para compartir... O outro día viñeron xogar con nós ao xadrez.





Curso 2014-2015


Estivemos en segundo pero preparándonos para 3º, agora xa casi somos de terceiro, por eso neste curso tivemos que ler, escribir, tentar aprender as táboas... traballamos moito pero pasámolo moi ben.

Divirtímonos lendo e facendo: A fabrica de arcos da vella, os chindogus, os clubs de lectura... Inventando historias e tamén representando historias para os máis pequenos.




Por momentos eramos poetas

Vendo corais mariños,
laranxas, vermellos, azuliños,
para adornar ás nenas bonitiñas!
Vendo algas moradas,
e brancas e azuis, as ondas,
as mareas, azuis e brancas.
A nacarada cuncha,
collida na dourada area
da miña praia preferida.
Vendo golfiños, peixes,
e, o canto das baleas.




Traballamos no horto: Ao principio puxemos nabizas, naceron os xacintos e ao final coidamos os tomates para que non lles entrase o fungo.





Coidamos animais: Vermes de seda e cabezolos, para observar as súas metamorfoses.



Tivemos moitas persoas que nos axudaron a facer cousas chulísimas, facer mate e falar inglés: Lara, Cholo, Fátima, Ana, Dinucha, Patricia, Paula, Xoan, Bea, Cris...



Aprendimos moitas cousas coas nosas **investigacións** sobre os xirasois, os virus, o sistema solar, os calendarios, ...





A cociña é o noso forte: fixemos doce de marmelo, galletas de nadal, bolas de chocolate, boliños de pan...



Que boas estaban as merendas de medo!



Que ben funcionaban as nosas calculadoras!




Fixemos moitos experimentos e despois explicamólos para o noso libro de científicos.



Vimos dúas obras de teatro no Jofre e vimos as estrelas no Bertón.



Tivemos a colaboración dos nosos enviados especiais para fotografar o noso barrio e tamén para descubrir formas xeométricas preto de nós.



Despois de tanto traballo... BOAS VACACIÓNS!!!!!!



Estes somos os nenos e nenas de terceiro tal como nos debuxamos e describimos



Eu son Anxo e teño o pelo negro, os ollos marróns, son igual que sempre. Meu mellor amigo é Brais.



Aldara

Chámome Anxo e gústame bailar, patinar e tamén o colexio. Son alta, pelirroxa, alegre e teño moitas pecas. ¡Xa teño 9 anos!



Eu chámome Brais e teño 8 anos. Son moi alegre e o meu mellor amigo dentro de clase chámase Anxo. O meu pelo é castaño e crecho son bastante pequeno e gracioso.



Eu son Guille e son alguén alegre e feliz. Non quero que me chunchen. Non me gusta que me insulten e me pequen. Teño nove anos, gústame o colexio. ¡Ata o próximo curso!



Eu son Emma Fraga Roca. A min me gusta xogar ao fútbol, ao baloncesto e teño moitos amigos. Vou ao conservatorio e toco a obare. Teño unha cadela que se chama Dina. ¡Xa vou cumprir nove anos no próximo mes de xiro!






Ola, son Iago. Teño 9 anos, c'4 m'plinos 08 de maio. O meu pe lo é un pouco longo, son de fardo, fago Parkour, Vo me claje de 32 e o meu melhor amigo é Brian, Moitos bicos.

Eu son Iván. Teño 9 anos gústame xogar ao fútbol. Teño o pelo castaño e os ollos azuis. Cando chegue o verán vou ir á praia. O meu mellor amigo é Óscar.

Eu son Kavin. Gústame a piscina, o fútbol, o baloncesto e o patinaxe. Eu son alto, e forte, teño rido amaranza. Teño 10 anos e son máis guapo.



Ola, eu son Martín e gústame o fútbol, o baloncesto, o tenis e o golf. Teño 8 anos e son de mediana estatura, fraco, teño os ollos color abelá e son feliz.

Eu son Mónica e teño 8 anos. Son alta, delgada e de pelo castaño escuro. O deporte que máis me gusta é a natación. Os meus comidos favoritos son o San Xaibo e a lasaña.





Eu chámome Noa teño 8 anos e gústame a Ximnasia. O meu pelo é de cor triqueño, son alta, gústame as flores e as miñas cores preferidas son o azul e o rosa.

Ola, eu son Noé e teño o pelo loiro e moi curto. Os meus ellos son marróns e normais. Son moi delgado, moi alto e moi alegre. Teño nove anos, gústame o baloncesto, tenis e saltar á comba.



Eu son Taisiana, teño o pelo moreno. Teño roños, gústame montar en bici e en patinete, teño un can chamado Ben é grande e negro.

Eu teño 8 anos e chámome Omar. Somos 5 irmáns que se chaman Aitana, Xeni, José Luis e Henia zina. Gústame o fútbol e andar en minimoto e pasear á miña cadela chamada Kira.



Eu son Taisiana, teño o pelo moreno. Teño roños, gústame montar en bici e en patinete, teño un can chamado Ben é grande e negro.



Ola, eu son Rai. Teño 8 anos e vou cumprir os 9 anos o 17 de agosto. Teño o pelo longo e vou na clase de 3º. Meus biros.





Coa nosa castaña xigante de Marrón Glacé, desfrutamos do Magosto.



No entroido matemático fomos uns estupendos súper heroes da multiplicación.

Desfrutamos moito do DÍA DAS LETRAS GALEGAS, participando na xincana e elaborando o maio.





ALGUNHAS DAS COUSIÑAS QUE FIXEMOS NESTE CURSO:

Comezamos o curso autodescribíndonos.

Saberás ti quen é quen?



¿QUEN SON?



Eu son mediana e delgada. Teño o nariz chato e os ollos pequenos. A boca é pequena, os mellores mediana e o pelo negro. Os brazos son mediana e os pés son longos. Eu son simpática e amable pero ás veces non falo e quédome muda. Gústame coller laranxinas.



¿QUEN SON?

Eu son baixa e delgada. Os meus ollos son pequenos, a boca pequena e os dentes mediana. O meu pelo é longo e moreno cunha castaña clara. Os meus brazos son curtos e os meus mellores mediana. As miñas pernas son normais. Eu son boa e graciosa e o que máis me gusta é "a que se alicerca" e ler.

Tamén estudamos a Vicent van Gogh.





Tanto que nos tocou a nós ser Vicent van Gogh.



E fomos escritores e escritoras:



OS MONSTROS GALEGOS

Un día eu estaba paseando por Granita porque facía unha noite moi boa, e entón... Apareceu unha portasma! Dirixíase os Masdías e eu, cos meus amigos, fumes para investigar e, como non vimos nada, volvíme ás nosas casas. Pasou o tempo e, cando cheguen a noite do Samaín estalaban saídas portasma dun burato, vítemos e nos perseguiron ata clase. Entón, meus amigos Nicolás e Adrián puxéronse a atrancar as portas e eu lles daba as meyas para ouzadas. Cando pasaron cinco algo desatranca as portas, pero non vimos nada. Fumes ata o comedor e... Había tres buracos! Estabam preparando unha poción porque ía ser a festa. Entón veu miña amiga Paula, saímos saivando para fóra e... Había unha manada de homes lolo! Intentamos irnos a casa pero os saídos estaban deas de zombis e vítemon os profesores. Nicolás e Adrián foron chamara Sandra, nosa profesora, e eu lle dixen que vimos monstros que dicían

que estaban. Cobreado, porca xa ningún folaba galego. E se conseguíamos que todos falasen galego nos deixarián. Lalo dixemos a Xente e non nos creeron. De vez en cando sense nido, vense bolas de portasma e ós tirados por ahí. FIN



David B Corto galego



RETRASO DE AGASALLOS

Un día de Nadal xa pasaban deus anos que Santa non pasaba pola miña casa. O día seguinte ao que tería que ir Santa foi de excursión ao bosque a acompañar Na alba dunha fermosura que estalaba ao lado da miña tendo relación uns destes bos mal vividos, escolleu un pouco a os rein mulo elanos, Eran uns destellos ceitos vermello, verdes e marróns, Non rein no do máis a colm pola fermosura. Santa que o estomago de alados da fermosura fíxose de coletar! O día seguinte da clase pedílle a Nicolás, David, Paula e a Jesús que apra visitando a excursión no parque natural daquel bosque podían resolver aquel misterio. David e Paula decidiran acompañar me. Cando chegamos ao bosque fomos a fermosura, avistamos uns como reves, excitamos algún detrás nosa... aí eran

Nicolás estivo que nos querían susturar. Estivemos trinta minutos pensando como subir, David golpea a cabeza e decotou se de que se atopara ali a deuse de cost de que había un ascensor antigo de turismo. Dímoslle ao león, dímoslle patatas, griteímoslle... En fin unha talecha, e dímosse de conto de que estalamos, dímoslle ao león lealcar e como no estalos. Cháí mo... Dímoslle ao león de subir e suben. Cando chegamos arriba vimos un trino e un coxo fresco, garro vermello e leas lo. Eramos, era Papa Noel! Quedara atopado. Despois de falar co presentador avistámoslle a aviancar o trino, bus me mellor dito llelo verencano. O día que ían pasar os Reis Magos encontramos unha pila de agasallos aportados a unha tarxeta que podía que Santa o sentia de la retraso. Aquele é que foi un retraso de agasallos para GORDO!

FIN

E xa, por fin, despedimos o curso escribindo unhas cartas aos nosos compañeiros /as.

Carolina, 6 de maio de 2015

Ola Teresa C.!

Que tal estás? Escríbeme para preguntarte que tal o pasado no Nadal. Eu seguramente irai a praia ou a piscina cando vaia calen tamén, algún día, así un pouco cos patitos para ir. Batare de novo un día.

Estalado



Carolina, 4 de maio de 2015

Ola Adela!

Que tal te vai? Escríbeme para preguntarte que tal o pasado no Nadal. Eu vou ir a praia e a un dos meus avós. Tamén vou ir a algunhas miñas cuernís e moitos xogos para os meus avós e dos meus irmáns. Escríbeme as actividades ou excursións que avianamos o día artificial de Nadal. Tamén máis nos caberá do meu día.

Aí o curso que vai! Un día.

Imaginar Carlos



Carolina, 8 de maio de 2015

Ola Adela!

Que tal te vai? Escríbeme para decirte que te quero de amiga. Tamén quero contarte que no Nadal vou ir a casa de miña nai para recibir.

Aí o curso que vai! Un día.



Carolina, 8 de maio de 2015

Ola Mía! Que tal decidiste que on Xullo do día 11 cumpla 10 anos. Vou celebralo no campo de Lousada. Ti fuches algún día ali? Eu moitas. Apañei dino, no Verán, se están no Verán, vou ir a Madrid para disfrutar moito de non ir no colle pero por unha cousa non, porque non vou deixar meus amigos.

Mía



Carolina, 8 de maio de 2015

Ola Paula!

Que tal te vai? Escríbeme para que saiba que me serán boa que vou a praia de Lousada. Espero estar ali e estar contigo. E tamén espero que o pasado ben. Un saúdo de amigos e un día. Ah! Tamén espero estar o ano que non no colexio.



Carolina, 8 de maio de 2015

Ola Paula!

Que tal? Escríbeme para saber que tal o pasado no Nadal. Eu vou ir a praia de Lousada, a praia de Lousada, no campo de Lousada e a praia de Lousada. A ver se nos vemos no campo de Lousada e ano que vai. Un día e unha saúdo moita.





Coronza, 8 de maio de 2015

Ola Yaiza!

Que tal estás? Escríbeme para saber que vas facer no verán. Eu con que vou ir ao Soham para visitar a miña familia. E algún día iréi á praia. Espero que nos nos encontremos na hamburguesaría de sempre como outras veces. Ata o curso que vén!

Un beso moi forte.

Marta




Festas, 9 de maio de 2015
ab. Extrallé:

Que tal estás? Fai moito tempo que non nos vemos e báboe moito de memoriar. Iso quería saber que vas facer durante o verán. Eu tivo pensado ir a Mariloulandia con meus pais e irmáns unha semana, no mar de xullo e quería invitarte a mí con nido. Agardo a túa resposta porque é iso que necesito, os billetes.

Un beso.

Yara



Coronza, 8 de maio de 2015

Ola Yaiza!

Que tal estás? Escríbeme para dicirte que vas facer no verán. Eu vou pasar moi ben porque vou ir a miña curula. Eu seguramente terei no río con Zusa. Despois irei a patina e máis apertal.

Esther



Coronza, 9 de maio de 2015


Ola David!

Que tal? Escríbeme para contarme o que vas facer no verán. Na realidade o que máis vou facer é durmir e disfrutar de non ter que levantarme ao sito da maré e co día é seguramente achegar a realidade como a maioría dos anos, agardando en a praia todas as veces que poda e non quedarme en casa en ningún momento.

Unha das cousas que máis me gusta facer no verán é visitar os lugares de San Xabón para non ver todos por se me quedo. Ti o sabes así!

Un beso:

Adrián M.



Coronza, 8 de maio de 2015

Ola Liria! Escríbeme para dicirte que en verán ao mellor vou a Vilagarcía e estarei por alí un par de días. Tamén che escribo para preguntarte que vas facer no verán. Eu terei vou a ir á praia de Coronza, ao río de Pedreira, ao mellor, nos vacacións de verán, agardando a Kátia, coa vai Tim, ao mellor, por aí.

Beso e gúste venír!

Firma: *Yara*



Coronza, 10 de maio de 2015

Ola Manu!

Que tal estás? Escríbeme para dicirte o que vas facer no verán. Vou ir a Santiago de Compostela, a casa dos meus avós. Tamén vou ir á praia todas as días, á piscina e, ao mellor, ao parque acuático. Espera ver-te algún día pola praia.

Un saúdo do teu amigo.

Manu

Alí



Coronza, 8 de maio de 2015

Ola Xantufé!

Que tal estás? Escríbeme para dicirte que no verán vou estar moito de tempo porque son moitos meses para estar chamando e todo iso e fábromo. E agora vou por alí. Ata o curso que vén!! Un beso

Alí



Coronza, 8 de maio de 2015

Ola José!

Que tal estás? Escríbeme para dicirte que en verán vou ir á praia de Coronza, que está ao lado da miña casa. Tamén vou ir a casa da miña irmá Mari para estar co meu cuncho David. Aí iré a praia Xabón. Ao mellor irei ao parque de Tellesina.

Ata o curso que vén! Un beso

Edlyn



Coronza, 8 de maio de 2015

Ola Andrea!

Que tal te vai? Escríbeme para dicirte que estou moi contento de ser a túa amiga e que este verán vou ir a praia para a praia. Vou ir a praia de San Xabón e quedarme na túa casa a durmir. Deberías? Espero que o paso ben.

Ata o curso que vén.

Yara



ATA O PRÓXIMO CURSO!



A CASA DOS PEIXES (Bruno)

O que máis me gustou do curso foi ir á casa dos peixes. Alí vimos moitos peixes e un moi grande. Pasámolo moi ben porque lle demos de comer ás focas.

A BUXAINA MARUXAINA (Edgar)

Había unha vez unha buxaina, a Buxaina Maruxaina, que por moito que o intentara non podía bailar.

O seu dono Pedro, un neno de 13 anos, non sabía o porqué ata que un día viu que non tiña punta. Buscou e buscou por unha punta por tódalas tendas pero non a atopou. Mentres, púxolle un parafuso. Así bailaba, pero moi pouco e bastante mal ...

Un día ao bailar, plafff!!!!... Rebotou nunha pedra e saiu disparada caéndolle o parafuso e tamén perdéndose. O neno púxose a chorar pois só foi capaz de atopar o parafuso, Maruxaina seguía perdida.

Despois dunha semana atopárona, pero claro, seguía sen punta. Así o neno preguntoulle a seu pai por unha. O pai atopouna e así a Buxaina Maruxaina bailou moito e moi pero que moi ben.



ESTE CURSO GUSTOUME MOITO! (Silvana)

Fíxome moita ilusión ter os ordenadores na clase, eu ero o número 11. Levo no cole toda a vida, dende pequena, e agora facemos excursións chulísimas.

Gustoume ir á Casa dos Peixes, e ao Teatro Jofre a ver as películas “El verano de sus vidas”, “Los cinco y el misterio de la joya escondida”, “El medallón perdido” e a obra de teatro “O espantallo amigo”. Gustoume ir no autobús cantando e rindo coas miñas amigas.

Tamén chegou un “profe” novo que se chama Fran. É moi bromista, e cando teño dúbidas resolvemas.

Imos ir ademais a Portugal a facer moitas cousas divertidas. Dende aquí unha aperta moi grande para todos, porque TODOS SOMOS MASDÍAS!!!!



ESTE CURSO MOLA (Antonio)

Ola eu son Antonio de 5º. Este ano gustoume ir de excursión á Casa dos Peixes en Coruña e tamén o que fixemos no laboratorio: un volcán nunha botella de plástico. Na excursión de fin de curso vai haber cousas increíbles como: o fantasticable (unha tirolina de 1 quilómetro de lonxitude), paintball (mola moito e cada un terá 100 bolas, eu vou arrasar con todos!), discoteca (fixo que mola), alpine coaster (unha montaña rusa), piragüismo polo río Támega (despois da ruta poderémonos bañar no río), ...
Este curso mola.

DE NOVO AQUÍ (Janet)

Eu vin nova a este colexio, bueno xa estivera en segundo. De segundo a quinto hai moita diferenza, porque non había que estudar tanto, non había exames ... Era todo máis fácil a verdade.
Pero en quinto hai moitas excursións e excursión de fin de curso. Paseino moi ben co meu primo e cos meus compañeiros e compañeiras. Quero moito a esta clase. Son todos moi bos e tamén a Fran que é o que me ensina!!!!

O QUE ME ESPERO DA EXCURSIÓN (Icía)

Eu espero pasalo moi ben: tirarme pola tirolina dun quilómetro e medio de lonxitude, vai molar moito.
Faremos canoas en augas tranquilas, arborismo, paintball, ... Polas noites xogaremos moito buscando o tesouro e ademais a última noite imos ir á discoteca. O último día iremos a Oporto, e logo de cruceiro polo Douro.
Espero que sexa unha excursión inolvidable.

AS ESTRELAS (Jairo)

As estrelas, chuvia e mar
o cristal de augas mil será
cando chegue a choiva de estrelas
na auga do mar se reflexará.





DESTE CURSO GUSTOUME ... (Candela)

A min gustoume cando veu Sara ensinarnos inglés porque traballabamos con cancións que coñeciamos e explicábanos o significado das palabras, como por exemplo “darling” que significa cariño en inglés.

Gustáronme tamén os grupos interactivos porque me axudou bastante en matemáticas e tamén porque o pasei moi ben coas voluntarias.

Espero pasalo moi ben na excursión en Penaventura.

E tamén me pareceron moi bos os meus profes Nuria e Fran.



ESTE CURSO (Dani)

O que máis me gustou do curso foron moitas cousas. Gustoume cando faciamos Matemáticas nos grupos interactivos, porque aprendiamos de maneira divertida e sinxela coas voluntarias.

Gustoume tamén ir á Casa dos Peixes na Coruña, onde vin moitos peixes e focas. Pero gustábanme sobre todo as quenllas.

Ademais paseino ben facendo “O son do ar” e “Wake me up when september ends”. Non esquecerei cando iamos no horario lectivo a ver obras de teatro e películas ao Teatro Jofre (o que máis me gustou foron as películas). Aínda que nos poñían un pequeno caderno de actividades, era moi sinxelo e facíao rapidísimo, ademais gustábame facelo. Lembro que nos puxeron tres películas: “El verano de sus vidas”, “Los cinco y el misterio de la joya escondida” e “En busca del medallón perdido”. A que máis me gustou foi “El verano de sus vidas”.



Despois de estar toda a vosa vida escolar no “Manuel Masdías”, con distintos profesores/as, con compañeir@s de sempre e outr@s que se foron incorporando. Despois de ter pasado xuntos penas e alegrías, éxitos e pequenos fracasos. Despois de ir vendo como medrabades e vos iades convertendo en adolescentes


Agora toca o momento de que empededes unha nova etapa, unha nova viaxe chea de maravilosas experiencias que requiriran do voso esforzo.

Esperamos ter feito de vos persoas críticas, solidarias, responsables e defensoras do noso.

BOA VIAXE !!!




Este colexio é o que máis me gusta. Non quero ir para o instituto porque non sei como vai ser,



Botarei de menos ós profesores e os meus amigos. Espero encontrar o mesmo que aquí: novos amigos e amabilidade.

Joam

Cando era pequena entraba e noraba porque non quería vir e agora que me vou non quero irme.



No istituto espero ter moitos amigos e amigos...





Non sei como vos preocupades, ás festas vou seguir vindo. Vou ser o institutor non o imaxinar, pero non





David




Añorarei moito aos profesores e as súas celebracións. Gustoume moito estar aquí. Moitas grazas a todos por ensinarme tantas cousas



Levo desde os 3 anos neste colexio e teño moi bos recordos. Botarei de menos a Óscar, Olga e Maribel



Preocúpame:



Florisoleira quiere agradecer, un ano máis, o traballo do profesorado e o alumnado nas distintas actividades propostas dende a biblioteca. GRAZAS!!!!!!!!!!

Un agradecemento especial para: Candela, Yenela, Rosalía, Samanta, Xiao, Ainoha, David, Daniel, Icíá e Carolina (nenas e nenos de 5º curso que foron os meus axudantes voluntarios/as)



GRAZAS AMIGAS E AMIGOS

O alumnado, sobre todo de segundo e terceiro curso, escribiron moitas cartas a Florisoleira e tamén fixeron debuxos que ela agradeceu moito.



Para celebrar o “Día do Libro” Florisoleira quixo saber cal era o libro favorito do alumnado e do profesorado






Florisoleira trouxo a noso colexio a Hector Lorenzo con motivo do “Día da Poesía” para cantar textos de Raúl Gómez Pato.



Día Internacional dos Dereitos da Infancia



Florisoleira, por suposto, tamén celebrou o “Día da Muller Traballadora” co lema “Eu serei o que eu queira” porque as nenas do noso colexio poden ser: presidentas de goberno, obreiras, mestras, ministras, xuízas, directoras de orquestra, escritoras, capitanas, astrónomas, mecánicas...





No Nadal Florisoleira felicitou as festas en distintos idiomas europeos: Bo Nadal, Merry Christmas, Feliz Navidad, Buon Natale, Polit Nadal, Noeliniz Ve, Vesele Vianoce, Sretam Bozic, God Jul...



O "Día da Paz" Florisoleira fixo un merecido homenaxe a Malala, premio Nobel da Paz, loitadora polo dereito de educación das nenas. Unha nena de 16 anos que é un exemplo e loitadora pola liberdade.

Florisoleira quiere felicitar a Ainoha de quinto curso e a Tatiana de terceiro curso porque de todo o noso alumnado foron as nenas máis lectoras. NORABOA !!!!!!! Seguíde así.





Florisoleira pásao moi ben coa actividade dos apadriñamentos lectores, actividade que facemos o último venres de cada mes. Temos unhas fotografías onde podeses ver as facianas de felicidade dos padriños/madriñas e dos afillados/as.





ENGLISH ACTIVITIES

Country: United Kingdom Continent: Europe

Location: North western Europe

Population: 60,800,000

Capital: London

Places of interest: Canterbury Cathedral, Eye of London, and British Museum

Map

Flag

Country: New Zealand Continent: Oceania

Location: Oceania

Population: 4,471 millions (2013)

Capital: Wellington

Places of interest: Mount Cook, Abel Tasman National Park

Map

Flag

The World

Around 750 million people speak English as a foreign language. One out of four of the world's population speaks some English.



SPELLING BEE WINNERS

- 3rd course: Martin
- 4th course: Adrian
- 5 th course: David
- 6th course: Joam





HATS OFF




Hats off!
 Hats off to the baker!
 Hats off to the clown!
 Hats off to everybody who works
 Farmer, dancer, baker, clown!





SIGNALS





Páxina a cargo do grupo de

DÍA D@S VOLUNTARI@S



P Á X I N A



DÍA D@S VOLUNTARI@S



Página a cargo do grupo de

P Á X I N A



O Masdías na internet

[http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelmasdias/...](http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelmasdias/)

Ceip Manuel Masdías



Aula virtual | Galería | Portal educativo | Recursos Educativos | SEM Correo | Webs dinámicas | Xade



* Día Internacional do Pobo Xitano



<https://www.facebook.com/ceipmanuelmasdias>

